


RÍO NAVIA


(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Monte Chao da Serra (Serra do Rañadoiro) en terras do Cebreiro
LONXITUDE	159 km, 90 en Galicia
PERCORRIDO	Poboacións: As Nogais, A Pobra de Navia, Illano, Navia
DESEMBOCADURA	Ría de Navia, no Mar Cantábrico (Asturias).
CONCA	Superficie: 2.590 km ² , 1.124 km ² en Galicia.
SERRAS MÁIS IMPORTANTES	<p>CONCELLOS: Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñíz en Galicia; e Degaña, Ibias, Grandas de Salime, Allande, San Martín de Oscos, Santa Eulalia de Oscos, Villanueva de Oscos, Illano, Boal, Villayón, Coaña e Navia en Asturias; ademais dunha pequena parte do concello de Candín (os regos de Suarbol, que vai ao río Ser, e Balouta, que vai ao río Rao) de Castela- León.</p> <p>SUR: Rañadoiro.</p> <p>LESTE: Ancares, Corredoira, Cienfuegos, Moreda, Degaña, Bonzón, Valledor, Los Lagos, Leirosa e Panondres.</p> <p>OESTE: Albela, Pena do Pico, Vilamane, Portelo, Hospital, Follabal, Ouroso, Bobia, Penouta e Vidrosa.</p>
AFLUENTES DEREITA	<p>Valdeparada, Cervantes ou das Casas, Quindous, Ser ou Ortigal, Villapardín, Canlorcia, Rúa, Rao ou Balouta, Ibias, del Oro, Lloredo, Cabornel, Pontigas ou de Oneta, Anleo.</p> <p>Río Cervantes ou das Casas: nace nos montes da Pintinidoira e xúntase co Navia nas Pontes de Gatín.</p> <p>Río de Quindous: nace na serra da Fiosa e xúntase co Navia pasado San Román de Cervantes.</p> <p>Río Ser é o máis grande dos afluentes do Navia en Galicia. Fórmase cos numerosos regos que baixan dos Ancares e serras limítrofes.</p> <p>Río Rao ou de Balouta: nace nos Ancares (nas proximidades de Balouta) e xúntase co Navia en Navia de Suarna. Ten un curso moi encaixado.</p> <p>Río Ibias: É o principal afluente do Navia, cunha lonxitude de 60,5 km e unha cunca de máis de 300 km². Nace en Puerto Cerredo, na serra de Degaña e xúntase ao Navia en Negueira de Muñíz.</p> <p>Río del Oro: nace na Serra do Lago e xúntase co Navia no encoro de Grandes de Salime (Villarpedre)</p> <p>Río Cabornel: nace na serra de Prao Roque e xúntase co Navia en Mezana.</p> <p>Río de Oneta ou Pontigas: nace na serra de Panondres e xúntase co Navia nas proximidades de Arbón.</p> <p>Río Anleo: nace no Picollongo e xúntase co Navia na entrada de Navia.</p>
AFLUENTES ESQUERDA	<p>Boullón, Narón ou Ferreiros, Calamouco, Vilaiz, Donsal, Bullán, Gueizán, Lamas-Suarna, Navallo, Agüeira, Urubio e Meiro.</p> <p>Río Narón: nace na serra da Albela e xúntase co Navia na Pena Furada (Becerreá).</p> <p>Rego Suarna ou de Lamas: recolle augas das Serras de Follabal, Liñares e Foncuberta en terreos da Fonsagrada.</p> <p>Río Navallo: nace no alto do Acebo e xúntase co Navia no encoro de Grandas de Salime, entre A Fonsagrada e Negueira de Muñiz.</p> <p>Río Agüeira: nace na Serra da Sendiña (Ribeira de Piquín) e, despois dun percorrido moi encaixado, xúntase co Navia en Lijou (Pezós-Asturias).</p> <p>Río Urubio: nace na serra da Bobia e xúntase co Navia ao pé da presa de Doiras.</p> <p>Río Meiro: nace na serra de Penouta e xúntase co Navia no esteiro (El Espín-Cuaña).</p>
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	<p>O seu curso é sinuoso e encaixado nun val estreito e moi fondo escavado en lousas e cuarcitas das serras orientais galegas e do occidente asturiano.</p> <p>Nalgúns dos seus afluentes hai fervenzas:</p> <p>REGO DE BOIXECIDE: un afluente do Ortigal. Na parroquia de Donís (Cervantes).</p> <p>AS PONTES: na parroquia de Donís (Cervantes). No rego de Piornedo, pouco antes de xuntarse co río da Pontes (Ser).</p> <p>PESQUEIRA DE LASTROA: en Murias, parroquia de Rao (Navia de Suarna), no rego de Campos, unha das cabeceiras do Murias, afluente do Rao.</p>

	<p>SEIMEIRA DE VILAGOCENDE: entre os lugares de Fito e Vilagocende, na parroquia de San Martiño de Suarna (A Fonsagrada). O río da Porteliña, afluente do Lamas (Suarna). Ten unha caída de máis de 50 m nun val de lousas con paredes de cuarcitas que resisten a erosión e forman cristas que sobresaen na paisaxe formando un profundo val.</p> <p>ROZABRAGADA: un afluente do río Suarna, nas proximidades de San Martiño de Suarna.</p> <p>SEIMEIRA DE BUSQUEIMADO: nas cabeceiras do río Agüeira, en Santa Eulalia de Oscos.</p> <p>A MEXICA: en Ponticiella.</p> <p>LA FIRVIA: no rego de Oneta. Tres saltos sucesivos, o máis grande duns 20 m de altura.</p>
CLIMA	Atlántico, máis frío no curso alto e pequenas áreas, que pola súa orientación e abrigo gozan de temperaturas máis suaves.
TIPO DE RÉXIME	Pluvial con achegas de neve dos cumes máis altos con augas altas ata finais da primavera.
CAUDAL	48,5 m ³ /s
FLORA	Ao longo do curso dos ríos consérvanse as especies propias da ribeira: salgueiros, amieiros, bidueiros, carballos, salgueiros, pradairos, freixos... e nalgúns puntos dos vales aparecen especies mediterráneas (sobreiras, érbedos, aciñeiras...).
FAUNA	<p>No río podemos atopar lontras, aguaneiros, garzas, merlos rieiros, aves limícolas e anátidas (no esteiro e nos encoros), anfibios (ras, sapos, saramaganta, pintafontes...), gran variedade de insectos acuáticos. Nas augas libres arriba dos encoros aínda hai mexillón de río.</p> <p>A presenza de peixes está moi alterada polos encoros que impiden a súa migración. Nas augas libres hai troitas e augas abaixo dos encoros pódense atopar anguías, salmóns, reos, lampreas ...</p>
APROVEITAMENTO	<p>Subministro de auga, pesca, produción de enerxía eléctrica, lecer...</p> <p>Ten tres grandes encoros para a produción de enerxía eléctrica: Grandas de Salime, Doiras e Arbón.</p>
ESPAZOS PROTEXIDOS	<p>Varios tramos forman parte de espazos protexidos.</p> <p>LICs: "Cruzul-Agüeira", "Ancares-Courel", "Alto Navia", "Ibias", "Negueira", "Alcornocales del Navia", "Río del Oro", "Cunca do Agüeira", "Río Navia".</p> <p>Reservas da Biosfera: "Os Ancares" e "Río Eo, Oscos e Terra de Burón".</p> <p>Parque Natural das Fontes do Narcea e do Ibias.</p> <p>Monumento Natural: La Firvia de Oneta.</p>
DATOS HISTÓRICOS	<p>O río Navia e os seus afluentes foron amplamente utilizados para mover enxeños hidráulicos: mazos ou ferrerías, muíños, moas de afiar...</p> <p>No seu contorno consérvanse importantes restos históricos: castros, núcleos tradicionais, castelos, pontes, hórreos...</p>
TRADICIÓNS-LENDAS	<p>Pontes de Gatín</p> <p>Conta a lenda que un mozo que vivía na banda esquerda do río namorouse dunha rapaza moi bonita pero que vivía na beira dereita. Como non tiñan medios para cruzalo e así xuntarse, pactaron có demo a construción dunha ponte a cambio de darlle o primeiro ser vivo que nacera na casa da parella.</p> <p>Rápidamente celebrouse a boda dos namorados e ela quedou preñada ao pouco tempo. Mentras, o demo intermediaba para que non nacera ningún animal, asegurándose así, que o primeiro ser vivo nacido na casa fora o neno que esperaban. Co que non contou o demo foi coa palleira da casa, xa que o destino quixo que nacera unha camada de gatiños (de aí ven a palabra gatín). Enton o home colleu o primeiro gatiño nacido e levoullo ao demo á Ponte onde llo entregou, burlando así deste xeito o fatal destino que o demo lles tiña preparado.</p>
PROBLEMAS	Encoros que alteran os ecosistemas, industrias contaminantes, invasión de especies.

RÍO NAVIA
NACEMENTO: O Cebreiro



DESEMBOCADURA: Ría de Navia (Mar Cantábrico)